



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Enfermería clínica II

Materia	Enfermería clínica II			
Código	O51G140V01205			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Ourense)			
Coordinador/a	García García, Manuel			
Profesorado	Fernández Conde, Ana García García, Manuel			
Correo-e	mgarcigarci@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Enfermería Clínica II: abordaxe desde unha perspectiva enfermeira das alteracións de saúde en diferentes situacións, capacitando aos alumnos futuros enfermeiros no manexo do proceso de enfermaría.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B7	Saber comprender, sen prexuízos, as persoas, considerando os seus aspectos físicos, psicolóxicos e sociais, cómo individuos autónomos e independentes, asegurando o respecto as súas opinións, creencias e valores, ademais de garantir o dereito á intimidade, a través da confidencialidade e o segredo profesional
B8	Promover e respetar o dereito de participación, información, autonomía e consentimento informado na toma de decisións das persoas atendidas, acorde coa forma en que viven o seu proceso de saúde-enfermedade
C28	Coñecer as alteracións de saúde do adulto, identificando as manifestacións que aparecen nas súas distintas fases.
C29	Identificar as necesidades de coidado derivadas dos problemas de saúde.
C30	Analizar os datos recollidos na valoración, priorizar os problemas do paciente adulto, establecer e executar o plan de coidados e realizar a súa avaliación.
C31	Realizar as técnicas e procedementos de coidados de enfermaría, establecendo unha relación terapéutica cos enfermos e familiares.
C32	Seleccionar as intervencións encamiñadas a tratar ou previr os problemas derivados das desviacións de saúde.
C33	Ter unha actitude cooperativa cos diferentes membros do equipo.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade de xestión da información
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D5	Traballo en equipo, multidisciplinar e multilingüe
D6	Habilidades nas relacións interpersonais
D7	Razoamento crítico
D8	Aprendizaxe autónomo
D9	Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade.

D10 Motivación pola calidade

D11 Sensibilidade hacia temas medioambientais

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Ser capaz de diferenciar os mecanismos e/ou problemas derivados das patoloxías máis comúns dos diferentes aparellos e sistemas do organismo humano, o seu tratamento médico e cirúrxico.	A1	B7	C28	D1
	A2	B8	C29	D2
	A3		C30	D3
	A4		C31	D4
	A5		C32	D5
			C33	D6
				D7
				D8
				D9
				D10
				D11
Ser capaz de planificar procedementos e intervencións precisas para proporcionar unha adecuada atención de enfermaría aos individuos con problemas médicos e cirúrxicos.	A1	B7	C28	D1
	A2	B8	C29	D2
	A3		C30	D3
	A4		C31	D4
	A5		C32	D5
			C33	D6
				D7
				D8
				D9
				D10
				D11
Ser capaz de deseñar coidados nas principais enfermidades relacionadas co aparello dixestivo, locomotor, órganos dos sentidos, sistema nervioso e inmunitario.	A1	B7	C28	D1
	A2	B8	C29	D2
	A3		C30	D3
	A4		C32	D4
	A5			D7
				D10
Ser capaz de planificar e prestar coidados nas principais enfermidades sistémicas.	A1	B7	C28	D1
	A2	B8	C29	D2
	A3		C30	D3
	A4		C31	D4
	A5		C32	D7
			C33	D10
Ser capaz de prestar asistencia centrada no paciente, utilizando os diagnósticos de enfermaría e as actividades derivadas deles, nas patoloxías estudadas.	A1	B7	C28	D1
	A2	B8	C29	D2
	A3		C30	D3
	A4		C31	D4
	A5		C32	D5
			C33	D6
				D7
				D8
				D9
				D10
				D11

### Contidos

Tema	
O/a paciente con trastornos inmunitarios	<ul style="list-style-type: none"><li>- Bioloxía dos linfocitos B e T</li><li>- HLA e enfermidade</li><li>- Mecanismo de posta en marcha da resposta inmunitaria</li><li>- Reaccións inflamatorias de hipersensibilidade</li><li>- Autoinmidade</li><li>- Inmunodeficiencias</li><li>- Coidados de enfermaría a pacientes con trastornos inmunitarios</li></ul>

O/a paciente con problemas da función músculo-esquelética	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fisiopatoloxía do sistema músculo-esquelético</li> <li>- Feridas. Asepsia e antisepsia. Bioloxía da reparación das feridas. Clasificación das feridas. Factores que inflúen na cicatrización das feridas. Tipos de cicatrización. Tratamento e cuidados. Cicatrices patolóxicas</li> <li>- Traumatismos músculo-esqueléticos. Fraturas óseas. Esguinces e luxacións. Rotura de fibras musculares e tendóns</li> <li>- Valoración de enfermería do paciente con alteracións articulares</li> <li>- Valoración de enfermería dos problemas músculo-esqueléticos</li> <li>- Problemas principais do aparello locomotor. Enfermidades sistémicas de afectación articular. Enfermidades óseas. Enfermidades musculares</li> </ul>
O/a paciente con disfunción neurolóxica	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fisiopatoloxía do sistema neurolóxico</li> <li>- Valoración do paciente con alteracións neurolóxicas</li> <li>- Cefalea</li> <li>- Alteracións do nivel de conciencia</li> <li>- Valoración do paciente inconsciente</li> <li>- Convulsións</li> <li>- Accidente cerebro-vascular</li> <li>- Trastornos neuromusculares. Enfermidades desmielinizantes</li> <li>- Infeccións do SNC</li> <li>- Polineuropatías e mononeuropatías</li> <li>- Enfermidades dos nervios craniais</li> <li>- Tumores do sistema nervioso</li> <li>- Demencia</li> <li>- Cuidados de enfermería do paciente con problemas neurolóxicos</li> <li>- Cuidados paliativos ao paciente crónico</li> </ul>
O/a paciente con alteracións da visión	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fisiopatoloxía do órgano da visión</li> <li>- Valoración do paciente con alteracións oftalmolóxicas</li> <li>- Problemas inflamatorios e infeccións oftalmolóxicas</li> <li>- Alteracións oftalmolóxicas que requiren cirurxía</li> <li>- Cuidados de enfermería nos problemas e cirurxía oftalmolóxica</li> </ul>
O/a paciente con alteracións da audición	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fisiopatoloxía de nariz, garganta e oído</li> <li>- Valoración e problemas xerais de pacientes con alteracións ORL</li> <li>- Cuidados de enfermería en pacientes con problemas e cirurxía ORL</li> <li>- Cuidados de enfermería nas urxencias ORL</li> </ul>
O/a paciente con problemas dixestivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fisiopatoloxía do aparello dixestivo</li> <li>- Valoración do paciente con problemas dixestivos. Valoración do paciente con dor abdominal. Peritonite.</li> <li>- Alteracións do esófago</li> <li>- Cuidados de enfermería ao paciente con trastornos esofáxicos</li> <li>- Alteracións gástricas</li> <li>- Cuidados de enfermería a pacientes con trastornos gástricos</li> <li>- Alteracións intestinais. Alteracións de colon, recto e ano</li> <li>- Cuidados a pacientes con trastornos intestinais, colon, recto e ano</li> <li>- Alteracións do fígado e das vías biliares</li> <li>- Cuidados a pacientes con trastornos hepatobiliares</li> <li>- Alteracións pancreáticas</li> <li>- Cuidados a pacientes con trastornos pancreáticos</li> <li>- Cuidados do paciente intervivos de cirurxía do aparello dixestivo. Infección postoperatoria. Shock hipovolémico e séptico. Tipos de cirurxía segundo risco de infección postoperatoria. Infeccións por anaerobios. Factores que predispoñen a infección hospitalaria</li> <li>- Tumores benignos e malignos do aparello dixestivo. Definición e tipos de metástase. Estadiaxe tumoral. Tratamento xeral e cuidados do paciente con cancro</li> </ul>

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	33	65	98
Traballo tutelado	3	15	18
Seminario	10	14	24
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	6	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición

Lección maxistral	Sesiões de clases expositivas. Clases teóricas de tipo participativo para favorecer a discusión e a comprensión do tema tratado. Farase lectura de documentos científicos de interese e/ou casos clínicos.
Traballo tutelado	Traballos individuais e en grupo relacionados co contido do módulo e que se exporán nas clases para favorecer a participación do alumnado e a resolución de problemas.
Seminario	Traballo con pequenos grupos de estudo e debate de temas específicos relacionados co contido do tema. Busca e selección de información relevante, a análise crítica do mesmo, exposición de ideas e traballo en equipo en relación ao obxecto de estudo. Estudo de casos, análises diagnósticos, aprendizaxe baseada en problemas.

### Atención personalizada

#### Metodoloxías Descrición

Traballo tutelado	Traballos individuais e en grupo relacionados co contido do módulo, tutelados por un profesor da asignatura.
-------------------	--

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Traballos individuais ou en grupos de poucos alumnos de temas vinculados coa materia da asignatura, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso da aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que o profesor ten asignados a tutorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual). Nota de corte 5 sobre 10. Para a nota final é imprescindible aprobar cada unha das partes.	10	A3 A5	C29 C30	D1 D2 D3 D4 D7	
Seminario	Avaliación continúa da participación, habilidades e destrezas do alumnado nas prácticas realizadas nos seminarios. Asistencia obrigatoria polo menos ao 90% do total das horas. De non tela realizarase modalidade non presencial. Na modalidade non presencial a calificación calcularase facendo media entre a avaliación continua e a nota da proba de pregunta curta e/ou test, e/ou proba de pregunta longa. Se as preguntas son tipo test no exame indicárase se as respostas incorrectas restan e en qué porcentaxe. Nota de corte 5 sobre 10. Para a nota final é imprescindible aprobar cada unha das partes. A data dos exames publicárase na páxina web da escola en no taboleiro de anuncios.	30	A1 A2 A3 A4	B7 B8 C30 C31 C32 C33	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D11	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Exame de coñecemento mediante preguntas de resposta curta e/ou test Nota de corte 5 sobre 10. Para a nota final é imprescindible aprobar cada unha das partes.	60	A1	C28 C29 C30	D7	

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A asistencia aos seminarios é de carácter obrigatorio, polo menos o 90% do total de horas. Para superar a totalidade da materia (teoría e seminarios) será indispensable ter superada cada unha das partes. O suspenso dalgunha parte suporá o suspenso da materia.

NOTA: Os exames de coñecementos abarcarán os contidos teóricos e contidos dos seminarios. Poderán ser tipo test e/ou pregunta curta. Globalmente corresponden ao 90% da nota final, en primeira convocatoria. O 10% restante corresponde a o traballo tutelado.

MODALIDADE NON PRESENCIAL Os estudantes que non lles sexa posible cursar unha avaliación continua por motivos suficientemente xustificadas e documentados, facilitaráselles a seguinte avaliación final: proba de coñecementos ou exame tipo test ou pregunta curta sobre os contidos de teoría (60%), pregunta tipo test e pregunta longa sobre os contidos dos seminarios (30%) e traballo tutelado(10%).

SEGUNDA CONVOCATORIA E SEGUINTEs: para a cualificación, só se terá en conta o exame de coñecementos sobre contidos teóricos e seminarios da materia. Tipo de exame test e/ou pregunta curta (100% da nota global). Nota de corte 5 sobre 10.

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA: para a cualificación, só se terá en conta o exame de coñecementos sobre contidos teóricos e seminarios da materia. Tipo de exame test e/ou pregunta curta (100% da nota global). Nota de corte 5 sobre 10.

No caso de exame/proba tipo test, indicárase se as respostas incorrectas restan e en qué porcentaxe.

DATAS DOS EXAMES: as datas dos exames/probas de avaliación serán as marcadas no calendario oficial académico da Universidade de Vigo que estarán dispoñibles na web da Escola, así coma no taboleiro de anuncios para o alumnado no Centro.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

P. L. Swearingen, **Manual de Enfermería Médico-Quirúrgica**, 6ª Edición, ELSEVIER, 2008

Brunner, Suddarth, **Enfermería Médico-Quirúrgica**, 12ª Edición, Lippincott Williams & Wilkins, 2016

NANDA Internacional, **NANDA Internacional. Diagnósticos enfermeros. Definiciones y clasificación. 2015-2017**, 1ª Edición, ELSEVIER, 2015

Sue Moorhead, PhD, RN, Marion Johnson, PhD, RN, Meridean L. Maas, **Clasificación de Resultados de Enfermería (NOC) :Medición de Resultados en Salu**, 5ª Edición, ELSEVIER, 2013

Bulechek, Butcher, Dochterman & Wagner, **Clasificación de Intervenciones de Enfermería (NIC)**, 6ª Edición, ELSEVIER, 2013

Harrison, **Principios de Medicina Interna**, 18ª Edición, McGraw Hill, 2012

**NNNconsult,**

**DIALNET,**

**Index de enfermería,**

### **Bibliografía Complementaria**

S. M. Lewis, **Enfermería Médico-Quirúrgica**, 6ª Edición, ELSEVIER, 2004

**CUIDEN,**

**PubMed,**

**CIBER REVISTA,**

**CULTURA DE CUIDADOS,**

**ENFERMERÍA GLOBAL,**

**Enfermería clínica,**

**<http://www.aeeorl.es/>,**

**<http://seorl.net/>,**

**<http://www.aeeto.es/>,**

**<http://www.univadis.es/?gclid=CKSm1I3I2dQCFTcW0wod17MGgw>,**

**<http://www.aeepd.com/>,**

**<https://www.seeo.org/>,**

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Prácticas clínicas II/O51G140V01303

Prácticas clínicas III/O51G140V01306

Prácticas clínicas IV/O51G140V01405

Prácticas clínicas V/O51G140V01406

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Prácticas clínicas I/O51G140V01208

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Anatomía humana: Anatomía humana/O51G140V01101

Fisioloxía: Fisioloxía/O51G140V01105

Enfermaría clínica I/O51G140V01204

Introdución á enfermaría clínica/O51G140V01201

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID-19, a Universidade de Vigo, establece unha planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado, a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen: manteranse os traballos tutelados, os seminarios e as clases maxistras. Serán

impartidas de forma presencial e virtual si a situación o permite. Se non é posible ningunha actividade presencial, será virtual.

\* Metodoloxías docentes que se modifican: adaptarase a metodoloxía para que sexa posible virtual, non presencial.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías): as titorías serán utilizando medios on line, de forma virtual.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

\* Probas xa realizadas

Considerase a puntuación indicada no paso 7 (Avaliación), na mesma proporción.

\* Probas pendentes

Pasarán a ser feitas na plataforma virtual, on line, a través da plataforma correspondente. Considerase a puntuación indicada no paso 7, na mesma proporción.

\* Probas que se modifican: as probas/exames serán tipo test, pregunta curta ou oral, faranse de xeito virtual, a través da plataforma correspondente.

\* Tanto nas clases coma nas probas de avaliación, utilizaranse os recursos telemáticos/virtuais facilitados pola Universidade de Vigo.

---